

O congreso pedagógico de 1923 en Lugo a través da prensa. Entre a controversia pedagóxica e a ideolóxica

(The pedagogical congress of 1923 in Lugo through the press. Between the pedagogical and the ideological controversy)

Xesús FERREIRO NÚÑEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Neste traballo acométese a revisión da xénese e resultados do congreso pedagógico que tivo lugar na cidade de Lugo en outubro de 1923, fundamentalmente a partir da análise documental da prensa da época. Para iso revisouse a prensa xeneralista local, pero tamén outras publicacións de carácter especializado. Examínase a repercusión social e académica que tivo, así como a difusión e o tratamento que se lle dispensou en diferentes publicacións. Deste xeito, descríbese o desenvolvemento e a súa pegada social e académica.

PALABRAS CLAVE: congreso pedagógico; encontro pedagógico; formación do profesorado; educación; prensa

ABSTRACT: This work addresses the review of the genesis and development of the Pedagogical Congress held in the city of Lugo in October 1923, fundamentally based on documentary analysis of the press of the time. For this purpose, the general written press, especially the local press has been reviewed, as well as other specialized publications. The social and academic impact it had is examined, as well as the dissemination and treatment given to it in different publications. In this way its development and its social and academic impact are described.

KEYWORDS: pedagogical congress; pedagogical meeting; teacher training; education; press

Introdución

O primeiro Congreso Pedagógico Nacional organizado en España tivo lugar en 1882, cun formato de encontros pedagóxicos que inauguraba unha senlleira etapa de declarado interese por mellorar a formación do profesorado. Este tipo de xornadas formativas introdúcese desde o krauso-positivismo, en particular grazas ao labor de renovadores da educación que traballan arredor da Institución Libre de Ensinanza (ILE) e que toman como referentes outras que se levan a cabo en Europa.

Este traballo achégase á xénese e desenvolvemento do Congreso do ano 1923 na cidade de Lugo, unha vez cumprido o seu centenario e transcorrido case século e medio daquela primeira iniciativa congresual. Para iso revísase a súa pegada na prensa xeneralista —fundamentalmente a local— e na especializada da época, indagando na repercusión que tivo a súa difusión, o tratamento que se lle dispensou, o seu desenvolvemento e as conclusións.

O contexto social e político de 1923 na prensa lucense

A convulsa situación política de España durante 1923, especialmente intensa en cidades como Madrid ou Barcelona, cos acontecementos de Marrocos como pano de fondo, desemboca no mes de setembro nun golpe de estado. Estes feitos condicionan o devir político-social, do cal se fai eco a prensa que se expresa, na súa maior parte, co apaixonamento que os acontecementos políticos adoitan producir, vehemencia á que non son alleos os xornais locais.¹

O 13 de setembro o capitán xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, dá o golpe de estado co beneplácito do rei Afonso XIII a quen se considera que, cun caótico reinado e proceder, non só non freou a sublevación militar, senón que incluso a alentou. Instáurase así o denominado Directorio Militar mediante un decreto de disolución das Cortes, durante algo máis de dous anos, que daría paso ao Directorio Civil ata 1930. Suspéndense as garantías constitucionais, o que comporta a prohibición das linguas diferentes do castelán, a disolución das deputacións provinciais, o cesamento das autoridades civís e militares e a censura de prensa,² entre outras consecuencias.³ Aínda que desde diversos sectores sociais se agarda que a ditadura sexa unha oportunidade para a mellora socioeconómica, tamén na cidade de Lugo, as expectativas creadas pronto xeraron frustración na poboación ao non se produciren avances sociais respecto do período da Restauración.⁴

¹ David Morales Díaz, “El golpe de estado de Primo de Rivera a través de la prensa nacional. Un análisis comparativo”, *Revista Historia Autónoma*, 12 (2018): 171-190. <https://doi.org/10.15366/rha2018.12.009>

² A censura na prensa durante a ditadura de Primo de Rivera foi analizada, entre outras, por María José Ruiz Acosta “Dictadura, censura y prensa en España. 1923-1930”, en *Comunicación, historia y sociedad: homenaje a Alfonso Braojos*, coords. María del Carmen Parias Sáinz de Rozas *et al.*, (Universidade de Sevilla, 2001), 577-586.

³ Sobre as consecuencias da ditadura no maxisterio español poden consultarse diversos traballos, como o de Victoria Robles Sanjuan e Teresa Rabazas Moreno. “Control y exilio interior de las educadoras en la Dictadura de Primo de Rivera”. *Historia y Memoria de la Educación*, 17 (2022): 29-61. <https://doi.org/10.5944/hme.17.2023.33820>; ou o de María del Carmen Agulló Díaz. “El exilio interior de Leonor Serrano, Josefa Herrera y Ángela Sempere, tres inspectoras sancionadas en la dictadura primorriverista”. *Historia y Memoria de la Educación*, 17 (2023): 63-97. <https://doi.org/10.5944/hme.17.2023.33119>.

Aínda que para unha parte do maxisterio as consecuencias fosen negativas, outra manifesta apoio ao réxime “[...] al ver hoy los nobles ideales que animan a los señores del Directorio, y ofrecerles nuestro apoyo incondicional, como lo ofrecemos siempre a todos los amantes de la justicia, no queremos perder un momento de vista lo que a la Nación interesa [...]”. Page, C. *et. al.*, “Los Maestros Nacionales al Directorio militar y a la opinión pública”. *Suplemento a la Escuela Moderna*, 24 de novembro de 1923, 2046.

⁴ A pegada dos directorios Militar e Civil en Lugo é examinada por Ana Patricia Vigo Fernández en *A ditadura de Primo de Rivera en Lugo (1923-1930): ¿continuidade ou cambio?*, (Deputación de Lugo, Servizo de Publicacións: Museo Provincial de Lugo, 2010).

Ao día seguinte da insurrección, o periódico local *El Progreso* explica que “la censura impide conocer la situación” e non é ata o día 16 cando informa sobre “La situación en España: Directorio Militar constituido [...]”,⁵ onde describe o discurrir dos acontecementos e a toma do poder. Este diario e *La Voz de la Verdad* dan a coñecer o *Bando* do gobernador militar de Lugo, polo que se suspende o mando das autoridades civís e se declara o Estado de guerra na provincia. E o 17 de setembro, *El Progreso* publica que as direccións dos periódicos da cidade⁶ se atopan satisfeitas do modo en que se aplicará a censura en prensa:

Convocados por el gobernador militar señor Tovalina, se reunieron ayer en su despacho oficial los directores de los cuatro diarios locales, dando instrucciones el señor coronel sobre la forma en que habría de funcionar la previa censura.[...] Los periodistas se mostraron satisfechos de las facilidades dadas por el señor Tovalina, para que la censura funcione sin causar retrasos ni entorpecimientos en la composición y tirada del periódico.⁷

Os directores dos xornais locais aos que se refire a noticia son: Vega Blanco —*La Provincia*—; Amor Meilán —*El Regional*—; De Cora Sabater —*El Progreso*—; e Robles Neira —*La Voz de la Verdad*—. Este último periódico é o que recibe con máis entusiasmo o alzamento militar, pois maniféstalle á autoridade o agradecemento⁸ e expresando a súa adhesión ao novo réxime instaurado.⁹ Nel escriben influentes relixiosos da época e na súa cabeceira declárase como diario católico que se “publica con censura eclesiástica”.

Non obstante, *La Provincia* —diario que anteriormente se publicaba baixo o nome de *La Idea Moderna*—, expresa a súa preocupación pola situación, lamentándose da censura dous días antes da reunión coa autoridade militar, o 15 de setembro: “Se ejerce sin piedad la censura, pero se ejerce para nosotros, para los

⁵ Entre os diarios que se publican na cidade, o que destaca por utilizar un título máis neutro e o corpo de letra grande para informar do golpe de estado é *El Progreso*, 16 de setembro de 1923, 1.

⁶ En 1923 imprimíanse na cidade de Lugo: *La Provincia: diario de información y de intereses generales*, de tendencia democrática; *El Regional: diario de Lugo*, de enfoque conservador; *El Progreso: diario liberal*, de ideoloxía liberal; e *La Voz de la Verdad*, diario católico con censura eclesiástica, que dá voz ao poder eclesiástico. Servían a diferentes causas políticas e ideolóxicas xerais, cando non a grupos locais e/ou provinciais de poder político, relixioso, económico e incluso periodístico-literario. Dos catro xornais, actualmente só se publica *El Progreso*.

⁷ *El Progreso*, 17 de setembro de 1923, 1.

⁸ Expresa *La Voz de la Verdad*, 16 de setembro de 1923, 1, que “por nuestra parte agradecemos las facilidades con que galantemente se nos ha brindado [...] procurando no dar jamás motivo a que el censor encuentre peligrosos los juicios de este diario”.

⁹ Declara a súa adhesión ao novo réxime ao titular “*El remedio heroico. Saneamiento indispensable*”, sinalando que “bendita sea la acción de las instituciones armadas, si con ella es moralizada la política imperante [...] de desear es que no sea desaprovechada esta oportunidad, en beneficio de la Iglesia, de la Patria y de la Monarquía”. *La Voz de la Verdad*, 18 de setembro de 1923, 1.

modestos periódicos provinciales que vivimos pendientes de un despacho o de una conversación telefónica. La gran prensa goza el privilegio de decir a la opinión lo que a los demás está vedado”.¹⁰

El Regional non menciona a censura imposta polas novas autoridades militares nos días posteriores ao golpe de estado, senón que trata con brevidade os acontecementos políticos, mais cunha crítica explícita á situación precedente coa que parece querer avalar o alzamento militar. Aínda que apenas lle dedique atención á cuestión ou desdeñe a súa relevancia, días despois, na edición do 6 de outubro celebra que “ha reanudado su publicación el diario coruñés *El Orzán*, suspendido por la autoridad militar hace algunos días”, o que significa que para algúns xornais a censura si ten consecuencias graves e inmediatas.

Considerando o sinalado, para describir o acontecido nos días previos e de celebración do congreso pedagóxico na cidade, e valorar a súa posible influencia no seu desenvolvemento, examináronse as edicións publicadas dos citados xornais. Mais engádese *El Ideal Gallego* á citada nómina que, aínda que non se edita na cidade, envía un representante ao congreso e informa de forma extensa do evento congresual, ao tempo que publica columnas de opinión sobre a organización e, incluso unha vez clausurado, sobre o seu desenvolvemento, ben como tamén dalgunhas intervencións que resultarían polémicas.

A atmosfera que se atopan os congresistas ao chegar á cidade está atravesada, esencialmente, pola próxima celebración das festas patronais. Se nos atemos ao publicado eses días na prensa local analizada, cos nesgos e adscripcións ideolóxicas propias de cada medio, observamos que versa sobre tres tipos de noticias: de natureza política, das festas locais e do propio evento académico. No primeiro caso prevalecen as novas relacionadas coa situación política, en especial coa designación de novos alcaldes, a depuración da maxistratura e xudicatura, as actividades do Rei e as emanadas do Directorio. Se ben é certo que nos días previos algún periódico apenas informa sobre o cambio de réxime, caso de *La Provincia*, advértense contradicións na prensa, e o caso deste xornal é un bo exemplo, dado que o propio día da inauguración do congreso publica unha columna de opinión en que avala a sublevación militar.¹¹ Neste sentido, como se sinalou, o periódico que manifesta o apoio máis explícito nas xornadas precedentes é *La Voz de la Verdad*, apoio que sostén advertindo a quen ouse opoñerse.¹²

¹⁰ *La Provincia* (Lugo), 15 de setembro de 1923, 1.

¹¹ Francisco de Cossio, “El favor y el disfavor...”, en *La Provincia*, 9 de outubro de 1923, 1. Cando non transcorrera nin un mes desde o triunfo do golpe de estado, este articulista sostén con inxenuidade que “entre las buenas medidas tomadas por el Directorio se halla la de no admitir recomendaciones”.

¹² O xornal xa viña manifestando a súa adhesión ao réxime acabado de instaurar, pero dá un paso máis e nunha peza periodística que titula “A lo que estamos obligados”, advirte a aqueles que “se resistan a prestar este concurso espiritual a la obra de los

Polo que respecta ás festas, todos os xornais informan sobre a súa celebración, mais *El Progreso* é quen o fai con maior énfase e extensión, en detrimento da información política.¹³ E sobre o congreso pedagógico, cabe salientar que o conxunto da prensa local analizada publica novas sobre a súa autorización, inscricións, inauguración e tamén sobre os traballos nel presentados.

O congreso e o seu desenvolvemento

O 18 de setembro *El Progreso* e *La Provincia* dan conta de que a Dirección Xeral de Primeira Ensinanza autoriza a realización do congreso pedagógico do 9 ao 12 de outubro, comunicación que realiza a través do deputado a Cortes Gerardo Doval. E o 8 de outubro *El Regional* informa que o Boletín Oficial publica unha circular do Goberno Civil pola que a Dirección de Instrución Pública aproba a súa realización.

Durante o verán a prensa local, e outros periódicos xeneralistas de alcance provincial¹⁴ e estatal, incluso algún de ultramar, —tamén as publicacións educativas especializadas— informaran da convocatoria ao encontro congresual, das diferentes inscricións e da presentación de relatorios. E recóllese o desexo expreso da organización de que sexa presidido polo ministro de Instrución Pública, Salvatella Gisbert.¹⁵

Ao se aproximaren as datas de realización a prensa anuncia que as “compañías de ferrocarriles han concedido a los congresistas de número, billetes especiales de ida y vuelta con rebaja de precio para venir a esta ciudad expandiéndose del 4 a 11 de octubre, valederos para regresar de 10 al 22 del mismo mes”.¹⁶

reconstructores de la Patria y mucho más los que laboren solapada y abiertamente contra un régimen que lleva ya el visto bueno de la Iglesia”. *La Voz de la Verdad*, 5 de outubro de 1923, 1.

¹³ Este xornal é o único que abre a catro columnas o día do patrón da cidade, dedicándolle a maior parte da primeira plana. Para facerse unha idea do espazo dedicado, cómpre sinalar que nesa época os xornais da cidade tiñan unha extensión de catro páxinas, e a publicidade ocupaba case un cuarto do total.

¹⁴ As publicacións existentes na provincia de Lugo, entre finais da década dos anos dez e o inicio da Guerra Civil, foron examinadas en M.^a Xosé Pardo-Gil Magadán, “Notas sobre el Lugo anterior a la guerra civil y su ambiente literario. El primer Ánxel Fole”. *CROA: boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, 14 (2004): 55-70.

¹⁵ Ese desexo non se cumpriría, porque o golpe de estado acontece o 13 de setembro e, como consecuencia, disólvense as Cortes Xerais mediante decreto. *Gaceta de Madrid*, 262 (17 de setembro de 1923).

¹⁶ Diversos xornais da cidade (*El Regional*, *El Progreso* e *La Voz de la Verdad*) publican sucesivamente diferentes informacións sobre o Congreso, incluídas as relacionadas co transporte (ex. o día 18 de setembro).

Como se sinalou, o evento forma parte do programa das festas do patrón da cidade, un feito impensable actualmente, aínda que tamén se divulga como acontecemento académico.¹⁷ *El Progreso* publica esta información co elocuente título “De fiestas”:

Como número de gran importancia en el programa de fiestas, acaso como el de mayor trascendencia entre los muchos trascendentales que al programa van, señalábanos el Presidente de la Comisión popular, entre lamento y lamento por la fatiga que le produce la labor impuesta a sus entusiasmos nunca debilitados, el Congreso Pedagógico. La ponencia encargada de este acto celebra estos días largas entrevistas durante las cuales se estudian, por los técnicos en esos asuntos dentro de la provincia, los distintos y muy importantes aspectos de la fiesta [...].¹⁸

Concluído o evento, salíéntase o seu desenvolvemento como parte destacable do programa festivo; incluso en prensa de ultramar se informa que “las tradicionales fiestas de San Froilán, en Lugo, este año han revestido extraordinario esplendor. El número más saliente de ellas, fue el Congreso Pedagógico del que ya dimos cuenta a nuestros lectores en otra crónica”.¹⁹

Determinadas publicacións xeneralistas tamén comunican que se adhiren como protectoras do acto entidades públicas e privadas²⁰ e que o número de asistentes pasa de seiscentos, mais algunha concreta que son “más de 500”.²¹ A cantidade expresada é elevada, aínda que incluso hai xornais que non precisan ningunha e se limitan a afirmar que na inauguración había “numeroso público” ou expresións semellantes.²² A cifra ofrecida é notoria se consideramos as dimensións dos espazos utilizados, algúns aínda existentes: Círculo das Artes, os salóns da deputación provincial ou do hotel Méndez Núñez. Con todo, o número de asistentes sinalado

¹⁷ En *La Provincia*, 9 outubro de 1923, 1, publicítase o Congreso dentro do programa das festas patronais. Tamén pode lerse isto nas semanas previas, en diferentes medios e edicións, como en *El Progreso*, 2 de setembro de 1923, 2; *La Provincia*, 27 de setembro de 1923, 1; *El Progreso*, 2 de outubro (2 e 4) etc. Porén, habitualmente, infórmase sobre o seu desenvolvemento de forma independente, aínda que se mencione como parte do programa.

¹⁸ *El Progreso*, 23 de xullo de 1923, 1, publica un bo exemplo do tratamento que se lle proporciona na prensa, onde aparecen mesturados os obxectivos dos actos lúdicos cos dos académicos.

¹⁹ Véxase o *Diario de la Marina: periódico oficial del apostadero de La Habana*, 6 de novembro de 1923, 7.

²⁰ En *El Ideal Gallego* e en *La Voz de la Verdad* do 25 de outubro lense exemplos de entidades que se adhiren ao encontro pedagóxico. Noticias deste tipo son frecuentes nos meses previos ao evento.

²¹ *La Provincia*, 14 outubro de 1923, 2. É o único medio de comunicación que precisa unha cifra concreta. Outros, como *El Progreso*, 10 de outubro de 1923, 1, informan sobre o acto de inauguración do Congreso, e sinalan que “En el salón había bastante público”.

²² Tamén a prensa especializada alude con imprecisión á cantidade de congresistas, como *El Magisterio Español*, 19 de outubro de 1923, 177, ou o *Suplemento a La Escuela Moderna*, 27 de outubro de 1923, 1870; iso a pesar de seren publicacións que se ocupan en extenso do evento, con posterioridade á súa realización.

sobresae aínda máis se temos en conta que nesa data a cidade de Lugo, segundo o INE, contaba con pouco máis de 28 000 habitantes de feito; e tamén pola súa localización periférica na península e as deficientes comunicacións da época.

A organización do evento recae, entre outros, en Ángel de la Vega Ugarte como presidente, catedrático de Ciencias Naturais e vicedirector do Instituto de Lugo, de familia distinguida e de recoñecida autoridade académica na cidade pola súa función directiva e docente.²³ Pertence a unha saga familiar de eminentes médicos, entre os que salienta o seu sobriño, o burgalés Rafael de Vega Barrera,²⁴ cirurxián e director do Hospital Santa María de Lugo desde 1916, quen posteriormente sería deputado (1931-1933). Deixou unha gran pegada na cidade polo seu labor médico, pero tamén porque ao comezo da guerra civil é detido, destituído do seu cargo e fusilado.

Á fronte da secretaría do evento está Carmen Pardo Losada, destacada educadora que exerce como directora da Escola Normal de Lugo desde 1916 ata 1931, cargo que volvería desempeñar durante 20 anos na ditadura franquista. As inscricións publícanse sucesivamente en prensa, onde, ademais de docentes, se relacionan persoas de diversas profesións e responsabilidades.²⁵ Tamén se comunican os lemas baixo os que se presentan os traballos ao certame pedagóxico, títulos xeralmente afastados do ámbito educativo, aínda que con excepcións.²⁶

A abertura de sesións

O Congreso inaugúrase o día 9 de outubro no Salón Rexio da Sociedade Círculo das Artes, presidido polo xeneral de enxeñeiros da Coruña, Braulio Alvarellos, como representante do Directorio Militar. Pronuncia o discurso de abertura incidindo na “necesidad de hacer maestros y Escuelas en consonancia con los tiempos”.²⁷

²³ Ademais de impartir clase no instituto, tamén o fai na academia privada Giner de los Ríos, segundo se recolle en *Noticiero Gallego-Revista de primera enseñanza*, 25 de agosto de 1923, 1.

²⁴ Para facerse unha idea da relevancia desta familia e da traxectoria científica, profesional e política deste médico, pode consultarse <https://www.rafaeldevega.es/>

²⁵ *La Provincia*, 18 de setembro de 1923, 1, entre outros medios, publica unha relación das persoas inscritas no Congreso, habitualmente todos homes, algúns de fóra do mundo educativo: médicos, notarios, alcaldes, curas, enxeñeiros etc.

²⁶ Se ben é certo que o Congreso permite unha miscelánea de temas en calquera dos seus núcleos, moitos títulos de traballos presentados ao certame afástanse do mundo pedagóxico. Mais tamén lemos algún ben acaído, *Kindergarten*, que alude directamente ao modelo de escolas de Fröebel. *La Provincia*, 10 outubro de 1923, 1

²⁷ A linguaxe dos discursos públicos tende a ser grandilocuente, fundamentalmente no ámbito político e militar, como é o caso. Diversos medios coinciden na énfase e literalidade das palabras de Alvarellos: *El Regional*, 10 outubro de 1923, 2; *El Magisterio Español*, 19 de outubro de 1923, 178; *Suplemento a La Escuela Moderna*, 27 outubro de 1923, 1870.

Ademais, intervén a secretaria do Congreso para ler a “bien redactada Memoria”²⁸ sobre a súa xénese, organización e proposta de desenvolvemento. Á súa vez, o ex-deputado a Cortes por Viveiro, Soto Reguera, tamén pronuncia un discurso nesa sesión.²⁹ Cita como modelos de escolas as de diversos países europeos, pero valora especialmente as das “repúblicas americanas” e menciona os mestres “como la base para el resurgimiento de la Patria”, expresando a necesidade de formar nos novos tempos a través “de educación ciudadana, educación social y educación económica”. Subliña que “se ha dignificado mucho el maestro, pero falta aún elevarlo al rango de los demás funcionarios del Estado” para “que al Magisterio acuda lo más selecto de la clase media”.³⁰

Da decena de persoas que ocupan a mesa inaugural, soamente pertence á profesión docente o citado catedrático, o resto son dos ámbitos militar, político, eclesiástico, empresarial ou social. Como exemplo, cabe mencionar que na mesa presidencial está situado entre o bispo e o gobernador militar. Ocupan o segundo plano no escenario inaugural personalidades de diversas procedencias e ocupacións profesionais. Esta segunda mesa subalterna da presidencial, xa inclúe profesionais docentes ou relacionados coa docencia, como inspectores de educación ou a propia secretaria do Congreso.³¹

Estructura e desenvolvemento do encontro pedagógico

Como xa se sinalou, a estrutura do Congreso foi deseñada en catro seccións temáticas³² para o debate das comunicacións e relatorios:

- Paidoloxía e pedagogía de anormais
- O mestre e a escola
- Educación da muller

²⁸ *El Regional*, 10 outubro de 1923, 2; e *La Provincia*, 10 de outubro de 1923, 1, destacan o papel da secretaria na elaboración da *Memoria do Congreso* e a súa exposición ante a asemblea congresual.

²⁹ José Soto Reguera (1881-1953) foi avogado e político. Exerceu diversos cargos en diferentes etapas: secretario persoal do presidente do Goberno José Canalejas; deputado en tres ocasións; director xeral de Administración Local, subsecretario de Facenda; presidente do Ateneo de Madrid etc. Neses momentos é ex-deputado por Viveiro (Lugo), ao estaren disoltas as Cortes desde o mes de setembro. Apoiou xa nos seus inicios, decididamente, a realización do Congreso en Lugo.

³⁰ Recollen as súas palabras, entre outros: *La Provincia*, 5 outubro de 1923, 1, e do 10 de outubro de 1923, 1; *El Regional*, 10 outubro de 1923, 2; *El Progreso*, 10 de outubro de 1923, 1; *Suplemento a La Escuela Moderna*, 27 outubro de 1923, 1870.

³¹ A prensa xeneralista e especializada cita as personalidades que participan no Congreso, como *El Progreso*, 9 de outubro de 1923, 1, ou o *Suplemento a La Escuela Moderna*, 27 outubro de 1923, 1870.

³² Publicáronse en prensa ao longo do verán. Na análise de resultados do encontro pedagógico voltan citarse en diversos medios as seccións e persoas que as presiden. *El Magisterio Español*, 19 de outubro de 1923, 177, ou *El Ideal Gallego*, 25 de outubro de 1923, 4.

- Pedagogía social e cuestións xerais

O regulamento de organización publicado establece que os relatores dispoñen de vinte minutos para expoñer os seus traballos e dez para a súa discusión posterior na correspondente sección, e outros dez para rectificacións.³³ Ao tempo que se deseña e convoca o evento congresual, tamén se convida a participar no Certame pedagóxico,³⁴ dotado con 500 pesetas e un obsequio artístico, ao que poden concorrer traballos de extensión libre. Estes han de remitirse ao secretario xeral e da comisión do Certame, Luís Soto Menor, inspector-xefe de Lugo. Tamén neste caso son obxecto de estudo catro posibles temas,³⁵ dous concretos e outros dous moi xenéricos:

- Proceso psíquico do neno; as súas crises; métodos máis axeitados para a súa investigación.
- Desenvolvemento da enerxía persoal, ou educación da vontade e formación do carácter.
- Concepción Arenal no aspecto pedagóxico.³⁶
- proxecto de Estatuto xeral Maxisterio.

A educación das mulleres

Aínda que no encontro se trata este tema nun dos catro núcleos temáticos, a presenza feminina é escasa na organización e na asistencia. Ademais, en non poucas ocasións, a prensa xeneralista apenas nomea as mulleres que participan nos relatorios ou na propia organización, cando non se ignoran directamente, como ás

³³ No *Suplemento a La Escuela Moderna*, 8 de setembro de 1923, 1562-1563, e mais *El Magisterio Español*, 15 de agosto de 1923, 376, infórmase con detalle sobre o Regulamento. O tempo previsto foi claramente insuficiente, a teor da cantidade e intensidade de intervencións e controversias xeradas nos relatorios.

³⁴ O certame convócase conxuntamente co Congreso pedagóxico, mais nalgúñas publicacións sitúase a súa realización no mes de novembro, de maneira errónea, sen concretar os días, como no caso de Rosa M.^a Cid Galante, “Las escuelas de adultas en los inicios del siglo XX: legislación, currículo y justificación. Caso particular de Orense”, *Historia de la Educación*, 39 (1) (2021): 373-405. <https://doi.org/10.14201/hedu202039373405> Ou concretando entre os días 10 e 13, en Antón Costa Rico e Uxía Bolaño Amigo, “Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo: As consecuencias do 36”, *Sarmiento: Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 21 (2017): 105. <https://doi.org/10.17979/srgphe.2017.21.0.4590> A confusión pode ter orixe en traballos publicados nese mes, como o de Daniel Silva de Castro: “Gran Congreso Certamen Pedagógico”, *La Zarpa*, 4 de novembro de 1923.

³⁵ Diversos medios xeneralistas e especializados ocúpanse, durante o verán, de informar dos temas cos que se pode concorrer ao Certame: *El Magisterio Español*, 15 de agosto de 1923, 377-378; *El Noticiero Gallego-Revista de primera enseñanza*, 18 de agosto de 1923, 2-3. Ou unha vez concluído, a modo de resumo, como é o caso do *Suplemento a La Escuela Moderna*, n.º 2797, 27 outubro de 1923, 1562.

³⁶ A temática acadou repercusión no Congreso, como se verá máis adiante, pola relevancia dalgúns relatorios expostos. Pode consultarse un dos traballos presentados en Luciano Seoane Seoane, *Concepción Arenal en el aspecto pedagógico*, (Madrid: Imprenta de sucesores de Hernando, 1924).

veces acontece coa secretaria da organización ou coa súa colaboradora, a inspectora de primeira ensinanza, Carmen de La Torre. Mais nas publicacións especializadas a secretaria si é nomeada de forma apropiada,³⁷ sen o desleixo dalgún periódico, que non a menciona polo seu apelido, como si fai cos varóns. Incluso en xornadas previas ao desenvolvemento do Congreso, o tratamento que se lle dispensa na prensa local é manifestamente desafortunado, ao usar expresións que menoscaban a súa valía profesional manifestando prexuízos en relación coa súa condición de muller e á función que realiza como secretaria:

No hubo forma de vencer las paredes en que hasta ahora se encierra el secreto de la ponencia. Ni con ser secretaria del comité organizador del Congreso pedagógico que se celebrará en Lugo el 12 de octubre, una dama... ¡Ellas que tienen fama de no saber guardar un secreto! Paciencia, queridos maestros.³⁸

A dicir verdade, este tipo de omisións e expresións sobre o papel das mulleres en actos públicos non reflicten a relevancia que adquirira, nos últimos decenios, a cuestión da súa educación e presenza en diferentes ámbitos sociais; pola contra, as publicacións especializadas si poñen de manifesto o recoñecemento expreso das súas achegas no contexto educativo.

Ao botarmos de novo a ollada cara ao primeiro congreso pedagóxico, celebrado en 1882, observamos que ese evento supuxo un punto de inflexión sobre a necesidade de educación das mulleres e a consideración do seu rol no seo desta, interese declarado reiteradamente en sucesivos encontros desta natureza. Tocante a esta temática destaca o que tivo lugar en Madrid en 1892, no cal se trata outro tema relevante: a equiparación salarial entre mestres e mestras.³⁹ Algúns relatorios presentados a este congreso foron obxecto de polémica, como é o caso dos de Concepción Arenal e, sobre todo, de Emilia Pardo Bazán.⁴⁰ As conclusións dos seus traballos

³⁷ Na información de *El Progreso*, 10 de outubro de 1923, 1 –entre outros xornais– obsérvase que o tratamento que se lle dispensa é diferente ao dos varóns; mais en publicacións especializadas menciónase de modo expreso, como é o caso do *Suplemento a La Escuela Moderna*, 27 de outubro de 1923, 1870.

³⁸ Pódese ver a frivolidade con que trata a cuestión na súa edición *El Progreso*, 28 de xullo de 1923, 1.

³⁹ Este congreso é referencial en moitos aspectos, como sostén Buenaventura Delgado en “La generación del 98 y la educación en España”, *Revista de Educación*, Ext. (1997): 11-31.

⁴⁰ O verdadeiro alcance da polémica non se reflicte na súa integridade nas actas, senón na prensa. As conclusións oficiais poden consultarse en *Sociedad El Fomento de Las Artes. Actas de las Sesiones celebradas. Discursos pronunciados y Memorias leídas y presentadas a la mesa. Notas, conclusiones y demás documentos referentes a esta asamblea. Congreso Nacional Pedagógico, 1882* (Madrid: Librería de D. Gregorio Hernando, 1882). Existe abundante bibliografía sobre o tratamento outorgado á educación das mulleres neste congreso. Sobre a participación e intervención de Pardo Bazán véxanse Narciso de Gabriel, “Emilia Pardo Bazán, las mujeres y la educación. El Congreso Pedagógico (1892) y la Cátedra de Literatura (1916)”, *Historia y Memoria de la Educación*, 8 (2018): 489-525. <https://doi.org/10.5944/hme.8.2018.20636>; e Narciso de Gabriel, *Xogar coa pólvora. A educación das mulleres e as mulleres como educadoras*, (Galaxia, 2024), 77. Neste último tamén trata a intervención de Arenal e os antecedentes do Congreso do ano 1882.

non teñen moito éxito, pero as súas propostas conseguen situar a temática no centro do debate, que continuaría no primeiro terzo do século XX. Unha vez rematado o evento, as controversias proseguirían durante 1893, particularmente nas páxinas do *Suplemento a La Escuela Moderna*.⁴¹ As discusións foron moi intensas e concluíron que se debía permitir que as mulleres exercesen como mestras de párvulos, cun rol de atención e de coidados.

Resulta evidente que moitas iniciativas sobre este tema desenvolvidas nestes primeiros encontros pedagóxicos estiveron máis ligadas ao obxectivo de preparación das mulleres para realizar os labores domésticos, o exercicio da crianza e a transmisión de coñecementos á súa prole, que para a súa propia educación e capacitación profesional.

Desde os círculos de acción da ILE foi desde onde se acometeu decididamente esta cuestión neses primeiros encontros pedagóxicos, amosándose aínda con extraordinaria vixencia no de 1923. Como exemplo dos presentados nesta reunión podemos citar o relatorio “Educación de la mujer para el hogar” —un título sumamente ilustrativo— que expón o mestre Daniel Silva. Segundo reflicte a prensa, propón “atrevidos puntos de vista en su ponencia, los cuales tal vez por falta de caldeamiento en el espíritu de los congresistas, no fueron por éstos debatidos”.⁴² Incídese, unha vez máis, en que “la madre necesita tener conocimientos para poder educar debidamente a sus hijos. Para eso es menester educarla e ilustrarla convenientemente”.⁴³ Aínda que isto supoña unha contradición entre a súa 8.^a conclusión aprobada, “Las Escuelas Normales deben preparar a la mujer no sólo para maestras, sino para el ingreso en las Universidades”, e o afirmado na 2.^a, “En las Escuelas de párvulos deben de substituirse para las niñas muchos de los juegos froebelianos por los de la enseñanza ‘menajera’ en sus primeros grados”, e na 4.^a, “En las Escuelas unitarias debe hacerse obligatoria la enseñanza de la economía doméstica, que debe ser más práctica que teórica”.⁴⁴

Este Congreso de 1923 dedícalle, lembremos, unha sección temática que denomina “educación de la mujer” e, por esta razón, entre outras, segundo Fernández (2004), considérase a súa relevancia:

⁴¹ Consuelo Flecha García, “Lo que piensan las mujeres acerca de su educación”. *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 26 (2007): 395-435.

⁴² *La Provincia*, 11 outubro de 1923, 2, parece censurar aos congresistas que non debatan os “atrevidos puntos de vista” deste autor, por desleixo ou por estaren de acordo co proposto. Porén, as conclusións deste relatorio acadan un apoio unánime e son aprobadas. *Suplemento a La Escuela Moderna*, 21 de novembro de 1923, 2030.

⁴³ En *El Regional*, 12 de outubro de 1923, 2, pode lerse sobre a intervención no sentido expresado, idea recorrente de quen promove a educación das mulleres, pero na maior parte restrinxida ao ámbito doméstico e de crianza.

⁴⁴ *Suplemento a la Escuela Moderna*, 21 de novembro de 1923, 2080.

Como mostra cabe destacar a importancia concedida a este aspecto en el “Certamen y Congreso Pedagógico” celebrado en Lugo en outubro de 1923, evento en el que esta cuestión se constituyó en uno de los cuatro núcleos temáticos sobre los que se centró el debate pedagógico.⁴⁵

Tamén diversas mulleres presentan comunicacións con achegas a favor da instrución e educación femininas, como a mestra Parga Serrano, que logra que lle aproben unanimemente as súas conclusións. Nestas afirma que “la mujer, por su capacidad, tiene derecho a la instrucción”⁴⁶ e defende a “creación de Círculos femeninos de instrucción”, aínda que esta proposta foi moi debatida.⁴⁷ Outras comunicacións presentadas por homes inciden nesta liña argumental, sobresaíndo a exposta polo inspector Del Peso, que propón para o debate a necesidade de que o profesorado viaxe para coñecer centros de ensinanza do estranxeiro e “refundir inmediatamente las Escuelas Normales de maestros y maestras” e tratar en igualdade de condicións a formación de profesionais da primeira ensinanza.⁴⁸

Ao revisarmos estes encontros congresuais e outros eventos pedagóxicos anteriores á Guerra Civil obsérvase que, con frecuencia, este tema está presente de forma máis ou menos explícita nos programas. Nos eventos que teñen lugar na propia cidade de Lugo temos exemplos da atención que se lles presta ao longo do tempo, ata ben entrado o primeiro terzo do século XX. Así, acométese nas conferencias pedagóxicas de 1901,⁴⁹ e de 1903,⁵⁰ particularmente nesta última, ao estudarse a creación de escolas de “adultas”. E tres décadas despois, en diferentes eventos durante a II República, se cabe con maior énfase, nas xornadas organizadas

⁴⁵ O tratamento da educación das mulleres é unha proposta explícita da organización para o Congreso, mais non para o Certame, como afirma Xosé Ramón Fernández Vázquez, “Implantación de la escuela mixta e incorporación de la mujer a la educación formalizada en Galicia: proceso histórico. *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 22-23 (2003-2004): 395.

⁴⁶ *El Regional*, 12 de outubro de 1923, 2.

⁴⁷ Tanto as publicacións xeneralistas como especializadas tratan estas conclusións (ex.: *El Progreso*, 12 de outubro de 1923, 1; ou *Suplemento a La Escuela Moderna*, 21 de novembro de 1923, 2031).

⁴⁸ Probablemente por mor da vehemencia con que intervéñ Del Peso, da súa participación fanse eco numerosas publicacións: *El Progreso*, 12 de outubro de 1923, 1; *El Magisterio Español*, 19 de outubro de 1923, 178; *Suplemento a La Escuela Moderna*, n. 2797, 27 de outubro de 1923, 1872; *Revista de Escuelas Normales*, Época III, 1, n.º 8, outubro de 1923, 255.

⁴⁹ Teñen lugar o 20 e o 21 de xullo de 1901. *El Norte de Galicia*, 23 de xullo de 1901, 1.

⁵⁰ Prográmanse entre o 19 e o 21 de xullo de 1903. *El Norte de Galicia*, 21 de abril de 1903, 2.

durante a Semana Pedagóxica de 1933, arredor da coeducación e as escolas primarias,⁵¹ semana en que pronuncian discursos e conferencias destacadas personalidades.⁵²

A cuestión logra así a suficiente relevancia para ser obxecto de interese científico, pero tamén social. Este proceso de recoñecemento e consideración social do rol das mulleres na escola continuaría ata a Guerra Civil, aínda a pesar dos receos a que participen da vida profesional e social, mesmo pretendendo limitar a súa instrución e educación para “el hogar”, aspecto que se vería definitivamente truncado durante a ditadura franquista.

Outros temas tratados

Entre os contidos estudados nos relatorios do Congreso de 1923 sobresaen outros, ademais do sinalado, da máis diversa temática. Sirva como exemplo o presentado por Marcelino Ramírez, médico e veterinario militar, que titula *Psicología del niño tuberculoso* (Ramírez, 1923). O autor non está presente na reunión e a súa contribución lese, mais alcanza tal éxito que a imprimen e reparten nas propias sesións pedagóxicas.⁵³ Este recoñecido facultativo destaca polo seu quefacer profesional no estudo e tratamento da tuberculose, enfermidade que a comezos da década dos vinte é unha das causas principais de mortalidade en todos os países occidentais, e para a que se descubrira a vacina dous anos antes; de aí que o tema posúa grande interese científico e social. Defende o concepto “un mundo, una salud”, ao postular que a saúde humana e a animal son indisociables (Ponte, Manresa e Domínguez, 2019). Ademais do citado traballo de Ramírez, é moi valorado e eloxiado o titulado *Concepción Arenal en el aspecto pedagógico*,⁵⁴ de Salgado Toimil, mestre de Foz (Lugo) —tamén escritor, publicista e redactor de *La Voz de la Verdad*—, quen posteriormente publica un estudo pormenorizado sobre esta cuestión que se distribúe como material bibliográfico nas escolas da Coruña e de Lugo.⁵⁵

⁵¹ Antón Costa Rico, *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á II República*, Xunta de Galicia. (1989): 249.

⁵² Participa no desenvolvemento das sesións Lorenzo Luzuriaga, gran difusor da Escola Nova; e a súa muller, Luísa Navarro —do Padroado de Misións Pedagóxicas—, quen diserta sobre esta institución. E na clausura intervén José Barnés, ministro de Instrución Pública; *El Progreso*, 17 de xuño de 1933, 1 e *El Progreso*, 24 de xuño, 1.

⁵³ Reflictese o éxito deste relatorio en prensa, mais non é o único que se imprime e distribúe durante o Congreso. *El Progreso*, 12 de outubro de 1923, 1.

⁵⁴ Obtén un premio no Certame, mais as fontes diverxen sobre cal é. Atribúelle o primeiro premio *El Ideal Gallego*, 13 de maio de 1926, 7; e o segundo, *El Magisterio Español*, 19 de outubro de 1923, 178.

⁵⁵ Ao ano seguinte Salgado é proposto como vogal da Asociación Provincial de Lugo de Mestres, e representante na nacional. Na prensa escribe apaixonadamente sobre os méritos que posúe para exercer o posto de vogal, entre os que cita a súa intervención no Congreso de Lugo en defensa do mestre e as súas necesidades económicas, a súa visión dolorosa do “calvario escolar”. *El Progreso*, 15 de xullo de 1924, 2.

Entre a controversia pedagóxica e ideolóxica

A iniciativa da realización do evento pedagóxico na cidade luguesa foi unanimemente celebrada por diferentes sectores sociais, pero non así a súa organización e desenvolvemento, que foi criticada con vehemencia desde posicións conservadoras. En particular, é *El Ideal Gallego* — publicación que, lembremos, se define como “diario católico, regionalista e independente”— quen a critica de forma exacerbada, realizando así unha emenda á totalidade do Congreso. Este diario está representado no encontro por De Santiago Charfolé, catedrático de instituto, que ofrece extensas crónicas que van desde a descrición do seu desenvolvemento e organización ao xuízo sumarísimo sobre diversos aspectos; é tan duro que nada do acontecido parece cumprir as súas expectativas. Así, fala de precipitación na organización, carencias na preparación dalgúns relatorios ou da escasa reflexión con que se tratan e, incluso, da súa excesiva extensión, xa que as intervencións “parecían un mosaico de trozos seleccionados de distintos libros”. Ademais, sinala que o evento carece de unidade na orientación e tamén de coherencia na articulación entre as seccións temáticas. Na súa airada crítica afirma que nalgúnhas sesións o apaixonamento das intervencións de certos congresistas deu lugar a actos que se asemeñan a un mitin onde se mestura a paixón e a teoría. E desexaría “menos teatralidad y más trabajo especializado”. Así, censura intervencións de corte progresista, mais sen identificar, destacando concretamente que “congresista hubo y muy significado que se permitió hacer el panegírico de la Institución Libre de Enseñanza y que en el fluir de la improvisación deslizó frases inaceptables”.

A intervención á que alude a cita anterior é realizada polo inspector Del Peso, na que fai unha defensa vehemente da ILE e da Junta de Ampliación de Estudios (JAE). O discurso do seu relatorio, pronunciado o 10 de outubro, resulta polémico para os sectores que cuestionan algunhas afirmacións e fan aflorar controversias políticas e relixiosas. Cando aínda non pecharan as sesións congresuais, Del Peso solicita aclarar as súas palabras ao crer que foi malinterpretado na rectificación que fixeran das súas manifestacións sobre a ILE.⁵⁶ Así, solicitou que se publicase unha aclaración na prensa local sobre o labor da ILE e a JAE. As súas “aclaracións” en realidade non supoñen unha rectificación ou modificación⁵⁷, senón que se reafirma no manifestado no Congreso.⁵⁸

⁵⁶ Expón que ten en alta estima á ILE como institución, estima profesada fundamentalmente por Giner de los Ríos, “su organizador; y debo declarar y declaro que es propiamente cristiano y religioso” (*El Regional*, 12 de outubro de 1923, 2). Obsérvese que incide na cuestión relixiosa, probablemente porque foi atacado nese sentido despois da súa defensa da ILE e da JAE.

⁵⁷ O *Suplemento a la Escuela Moderna*, 28 de novembro de 1923, 2071, recolle: “Notas. -Lo que hizo el asambleísta señor Del Peso no fué retirar las manifestaciones hechas en defensa de la ‘Institución libre de enseñanza’, las que sostuvo, sino que aclaró algunos conceptos, que habían sido mal interpretados por los asambleístas”.

⁵⁸ *El Progreso*, 12 de outubro de 1923, 1.

No sentido do expresado, *El Ideal Gallego* tamén censura a intervención dos inspectores de Lugo e outros cargos públicos do Congreso, por excesiva, deixando caer a idea de que o fan así para controlar as sesións. Dentro desta nómina de congresistas aos que critica pola súa actuación exceptúa, entre outros, ao presidente e á secretaria, por manter un papel máis institucional nos debates. É evidente que ao cronista e ao diario no que escribe non lles agradan en absoluto determinadas ideas de renovación pedagóxica que desenvolve a ILE.

Controversias xurdidas, como a comentada, exprésanse con alusións persoais entre os congresistas, e unha vez rematadas as sesións, trasladáronse á prensa xeneralista local, e non só polas apreciacións vertidas por *El Ideal Gallego*. A análise crítica do Congreso que este periódico realizou tivo cumprida e contundente resposta por parte de José Del Peso noutro xornal, ignorando a *El Ideal Gallego*. Respóndelle a través de *El Progreso*, como congresista, mais tamén como membro do comité organizador. Con palabras sumamente duras contéstalle ao “comentarista anónimo” sobre as acusacións de precipitación e desorganización do Congreso. Aínda que anónimo non era, ao ser De Santiago Charfolé non só congresista, senón tamén membro da propia organización e participante en diversas seccións e, incluso, un dos que intervén no banquete de clausura. Na súa réplica, Del Peso identifícase como o congresista da intervención que fora adxectivada como “panegírico de la Institución Libre de Enseñanza” e rebate a súa crítica nos seguintes termos:

Abriendo un paréntesis en mi habitual conducta, desciendo por primera vez, en casos semejantes a contestar en líneas generales —pues preciso para otras cosas de mi tiempo— a la información que, del Congreso Pedagógico efectuado en esta ciudad acaba de hacer *El Ideal Gallego*. [...]. Nada es tan lógico y tan natural como hablar de instituciones de enseñanza en un Congreso que solo de enseñanza debió tratar y solo a servir a los intereses de la enseñanza debió tender, como, así mismo, ensalzar o combatir las actuaciones e ideologías científico-pedagógicas que cada congresista creyera, libérrimamente, dignas de ser exactadas, modificadas o de dar por fenecidas [...].⁵⁹

Y, haciendo definitivamente punto, vuelvo de nuevo a levantarme a mi nivel, y a elevar otra vez mi conciencia a las regiones donde no llegan las salpicaduras del lodo de las calles ni las gotas de bilis de los hígados exacerbados.⁶⁰

Como se expuxo, desde *El Ideal Gallego* non só se critica o desenvolvemento do Congreso, senón que incluso se censuran os discursos de inauguración e clausura, polo seu marcado “carácter político”.⁶¹ A propósito

⁵⁹ Este inspector fora vehemente na defensa das súas posicións, incluso na exposición do tema 1.º “llegando a afirmaciones radicales, que provocaron una animadísima y larga trínca...”. *La Provincia*, 11 outubro de 1923, 2.

⁶⁰ A polémica dura varias semanas en diversos medios, particularmente en *La Voz de la Verdad* e *El Progreso*. É neste último onde o inspector responde ás críticas de Charfolé. *El Progreso*, 26 de outubro de 1923, 2.

⁶¹ Opina que mellor transcorrería o encontro pedagógico se as autoridades que pronunciaron discursos, “lejos de ser celebridades de la política o del foro, fuesen lumbreras del saber o especialidades de la enseñanza”. *El Ideal Gallego*, 25 de outubro de 1923, 5.

destas opinións expresadas no periódico contra os discursos das autoridades, convén lembrar que había pouco que se instaurara a ditadura de Primo de Rivera e que as críticas proveñen dun diario conservador. Neste sentido, non se entende moi ben o que se pretende, aparte de atacar no persoal a determinados profesionais da educación, con probables rivalidades profesionais e ideolóxicas previas, que organizan o encontro pedagóxico. A situación política permea toda actividade social, afectando a calquera asunto que se somete a debate, incluído o educativo.

Unha vez concluída a reunión congresual, aínda se publican artigos na prensa local e réplicas sobre o acontecido nas sesións, entre o mencionado inspector Del Peso, o citado correspondente De Santiago Charfolé e Nicolás Arias, este último membro da sección administrativa de Instrución Pública. A polémica alongaríase durante varios días nos xornais, particularmente en *El Progreso* e, para dar por concluído o “incidente”, intervén o propio director do periódico —De Cora e Sabater— interpelando directamente a estes congresistas.⁶²

A clausura

Na última sesión do Congreso pronuncian senllos discursos Ramón Fernández Mato —médico, ensaísta, dramaturgo, xornalista e político— e Gerardo Doval, ex-deputado por Lugo⁶³, quen apoiou con decisión a realización do evento pedagóxico en Lugo. Foi convidado a pronunciar un discurso ante a asemblea e intervén expoñendo “la verdadera significación del feminismo”, afondando así nunha das temáticas programadas, aínda que trata o concepto “declarándose partidario de un feminismo aceptable, que santifica el hogar y poetiza el corazón”,⁶⁴ con diversas alusións á situación política, amosándose optimista respecto ao porvir de España

O acto propiamente de clausura corre a cargo de Blanco Rivero, catedrático de Anatomía e reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Flanqueado polo presidente do Congreso, Vega Ugarte, e polo gobernador militar, fai un resumo dos discursos ofrecidos durante o evento⁶⁵ e ataca con dureza a escola laica por ser “germen de odios en el orden social, semillero de antipatriotas y plantel de anarquistas y pistoleros”. Expresa o desexo de que se concedan “becas para los niños pobres” e declárase incondicional das “cantinas

⁶² O director do xornal declara que ten en estima a todos os congresistas que polemizan, especialmente desde *El Progreso*, e quere dar por concluída a controversia. *El Progreso*, 27 de outubro de 1923, 1-2.

⁶³ A traxectoria deste político é un bo exemplo da concentración da actividade política en determinadas persoas. Neste caso, Doval tamén foi deputado a Cortes polas provincias de Teruel, Soria e Madrid.

⁶⁴ Unha vez máis insítese no ámbito doméstico como espazo de desenvolvemento persoal, que non profesional, das mulleres. *El Ideal Gallego*, 25 de outubro de 1923, 5.

⁶⁵ *El Magisterio Español*, 19 de outubro de 1923, 178.

escolares y de instituciones análogas que tienen por objeto amparar a los niños desvalidos”.⁶⁶ Proclámase partidario da educación obrigatoria efectiva e non só teórica, como en realidade ocorría, ao tempo que manifesta a necesidade de incrementar a retribución económica dos docentes, pero afirma que non é o momento adecuado de facelo, ao declarar “que no es esta la oportunidad de reclamar”,⁶⁷ situándose deste modo máis como un actor político que académico. Así, emenda algunhas das propostas sometidas a debate e aprobadas nas sesións celebradas, como o relatorio de Salgado Toimil, quen advertira das necesidades económicas, e do “calvario escolar”.

Conclusiones

A revisión documental da prensa xeneralista e especializada permitiunos analizar a xénese e desenvolvemento do Congreso pedagóxico de 1923, sobre o cal realizamos algunhas consideracións ou conclusións finais.

Pódese afirmar que nesas datas o formato de encontro pedagóxico está consolidado e goza de prestixio, non só entre profesionais docentes. O poder de convocatoria nas diferentes edicións así o testemuña, e nesta estudada non é menor, incluso realizándose nunha pequena cidade mal comunicada como era Lugo na época.

A súa celebración no mes de outubro está condicionada pola recente ditadura de Primo de Rivera, aínda que a revisión da prensa local non ofrece datos que permitan concluír —tampouco a especializada ou temática— que neses días de reunión académica na cidade de Lugo exista un ambiente político hostil ou convulso que impida o seu normal desenvolvemento. Agora ben, non debemos obviar que o Directorio Militar suspendera as garantías constitucionais e, concretamente, que a publicación do *Bando* do gobernador militar de Lugo o día 17 anula o mando das autoridades civís electas —e algunhas militares—, e declara o estado de guerra na provincia.

⁶⁶ *El Ideal Gallego*, 14 de outubro de 1923, 1 e *El Ideal Gallego*, 25 de outubro de 1923, 5. Non sabemos se a situación política produce autocensura nas autoridades civís que non foran cesadas dos seus postos, ou ben se actúan con convicción nas súas intervencións. No caso do reitor Luís Blanco Rivero (1871-1942) pódese concluír que, dada a súa traxectoria ocupando cargos públicos en determinados períodos políticos, o seu discurso é realizado desde a convicción. Téñase en conta que fora alcalde de Santiago de Compostela (1914-1917) e logo reitor da Universidade de Santiago de Compostela entre 1921 e 1930 —que nesa época existía como distrito universitario único—, un cargo do que non é deposto e que exerce durante toda a ditadura primorriverista. O período en que non ocupa cargo ningún é o da II República, xa que posteriormente foi decano da Facultade de Medicina (1936-1941).

⁶⁷ O reitor toma posición en contra das melloras retributivas do corpo docente, ao considerar “que no es esta la oportunidad de reclamar tal mejora, ya que en estas circunstancias un deber de ciudadanía obliga a ayudar a los Poderes públicos a realizar la obra económica que se proponen”. *La Provincia*, 9 outubro de 1923, 1.

Constatouse que ao modificarse o réxime político se produciron algúns cambios na nómina de personalidades que interveñen na apertura e na clausura do Congreso, mudando tamén o contido dos discursos. Con moita probabilidade, os feitos políticos alentaron a belixerancia dos medios conservadores cara aos congresistas que se declaran favorables ao progreso, particularmente á escola mixta, ao papel das mulleres na docencia ou á laicidade na educación. Neste sentido, tampouco se deben esquecer determinadas polémicas alimentadas en medios como *El Ideal Gallego*, que cuestiona o labor profesional de persoas e/ou entidades, como é o caso da ILE.

Nesta reunión de Lugo estúdanse tamén, dun xeito ou doutro, temas xa tratados desde 1892 nos diferentes congresos: a educación e a discapacidade, a escola e a necesidade de recursos, o persoal docente e as circunstancias laborais, diversos aspectos teóricos desde a pedagogía, a formación do corpo docente, o coidado da infancia ou os programas escolares. Estúdanse especialmente o tratamento da educación das mulleres e o rol profesional para exercer e as cuestións xerais de pedagogía, continuando coas diverxencias xeradas naqueles encontros iniciais.

A prensa xeneralista e algunha especializada —agás o *Suplemento a la Escuela Moderna*— faise eco da influencia da relixión na sociedade en diversas edicións previas, aspecto ao que non é alleo o discorrer das sesións deste congreso pedagóxico. Ao tempo, evidénciase que este evento tamén está condicionado pola “autocensura” implícita, pero tamén explícita, como o testemuña a solicitude que realiza a presidencia da sección terceira ao auditorio para que se evite toda referencia á situación política nas discusións dos relatorios. Aínda a pesar do contexto, o encontro nútrese de ideas previas ao réxime primorriverista, e por iso xorden tensións durante a exposición e debate das comunicacións e relatorios, que máis tarde continuarían manifestándose na prensa. Poucos meses máis tarde, ao consolidarse a ditadura, moitas das ideas expostas no propio Congreso e nos xornais xa non podían defenderse en público sen consecuencias penais.

Para finalizar, este encontro congresual dálle continuidade ao debate aberto desde facía tres décadas sobre dúas cuestións esenciais. Por unha banda, a denuncia das necesidades do corpo docente do maxisterio e a demanda de recursos para a educación e, pola outra, a educación das mulleres e o seu rol profesional na docencia. Esta cuestión non volvería tratarse en reunións pedagóxicas ata 1931, xa durante a II República.

Referencias bibliográficas

Agulló Díaz, María del Carmen. «El exilio interior de Leonor Serrano, Josefa Herrera y Ángela Sempere, tres inspectoras sancionadas en la dictadura primorriverista». *Historia y Memoria de la Educación*, 17 (2023): 63-97. <https://doi.org/10.5944/hme.17.2023.33119>

- Buenaventura Delgado. «La generación del 98 y la educación en España». *Revista de Educación*, Extra (1997): 11-31.
- Costa Rico, Antón. *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á II República*. Xunta de Galicia, 1989.
- Costa Rico, Antón e Uxía Bolaño Amigo. «Represión política e castigo do profesorado republicano na provincia de Lugo: As consecuencias do 36». *Sarmiento: Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 2, (2017): 101-118. <https://doi.org/10.17979/srgphe.2017.21.0.4590>
- Cid Galante, Rosa María. «Las escuelas de adultas en los inicios del siglo XX: legislación, currículo y justificación. Caso particular de Orense». *Historia de la Educación*, 39 -1- (2021): 373-405. <https://doi.org/10.14201/hedu202039373405>
- Morales Díaz, David. «El golpe de estado de Primo de Rivera a través de la prensa nacional Un análisis comparativo». *Revista Historia Autónoma*, 12 (2018): 171-190. <https://doi.org/10.15366/rha2018.12.0099>
- De Gabriel, Narciso. «Emilia Pardo Bazán, las mujeres y la educación. El Congreso Pedagógico (1892) y la Cátedra de Literatura (1916)». *Historia y Memoria de la Educación*, 8 (2018): 489-525. <https://doi.org/10.5944/hme.8.2018.20636>
- De Gabriel, Narciso. *Xogar coa pólvora. A educación das mulleres e as mulleres como educadoras*. Galaxia, 2024.
- Fernández Vázquez, Xosé Ramón. «Implantación de la escuela mixta e incorporación de la mujer a la educación formalizada en Galicia: proceso histórico». *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 22-23, (2003-2004): 387-404.
- Flecha García, Consuelo. «Lo que piensan las mujeres acerca de su educación». *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 26 (2007): 395-435.
- Ramírez García, Marcelino. *Psicología del niño tuberculoso*. [Trabajo presentado al Congreso Pedagógico de Lugo, del 9 al 12 de octubre de 1923]. A Coruña: Imprenta Moret (1923).
- Pardo-Gil Magadán, M.^a Xosé. «Notas sobre el Lugo anterior a la guerra civil y su ambiente literario. El primer Ánxel Fole». *CROA: Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, 14 (2004): 55-70.
- Ponte Hernando, Fernando Julio; M.^a Carmen Manresa López e Fernando Domínguez Freire. «Ramírez García (1864-1940) veterinario militar y médico, precursor del concepto: "Un mundo, una salud"». *Sanidad militar: Revista de sanidad de las Fuerzas Armadas de España*, 3, (2019): 174-182.

Robles Sanjuan, Victoria, e Teresa Rabazas Moreno. «Control y exilio interior de las educadoras en la Dictadura de Primo de Rivera». *Historia y Memoria de la Educación*, 17 (2022): 29-61.
<https://doi.org/10.5944/hme.17.2023.33820>

Ruiz Acosta, M.^a José. «Dictadura, censura y prensa en España. 1923–1930». En *Comunicación, historia y sociedad: homenaje a Alfonso Braojos*, coords. por María del Carmen Parias Sáinz de Rozas *et al.* Universidade de Sevilla, 2001.